

MINISTERIO DE HACIENDA Y FUNCION PÚBLICA

PERSOAL LABORAL IV CUAGE

10/10/2023

CAMBIO DE RÉXIME XURÍDICO

GRUPO 4 Anexo II

Con moito retraso informásenos que no mes de novembro está prevista a convocatoria para este Grupo do proceso de cambio de réxime xurídico, de poder cumprir coas datas a previsión sería que o exame se realice ao redor do mes de abril do 2024.

Para dar formación ás e ós que participen no proceso, a través de INAP terán dispoñible un temario editado en PDF, ademais contarán con vídeos explicativos coas principais materias. Tamén dispoñerán de uns test con preguntas que para poder levar un control do que se vai estudando, serían sobre 100 preguntas por tema.

Esta formación estará dispoñible antes da convocatoria dos procesos na medida do posible.

GRUPO 3 Anexo II

O cambio neste grupo está previsto que sexa a Corpos Administrativos C1

Para outros ministerios está previsto que sexan en Corpos ou Escalas propios acordados coas funcións propias desa escala.

INE 1595 efectivos ao Corpo de Estatística.

Cultura 38 efectivos ao de arquivos, bibliotecas e museos.

Transición Ecolóxica 315 efectivos ao Corpo de Axentes Medioambientais.

Este proceso tamén será encomendado á Comisión Permanente de Selección no INAP.

A intención de levar a cabo estes procesos de tódolos grupos do Anexo I está en ancorala aos procesos selectivos de quenda libre, promoción interna e estabilización se os houbera, con o fin de consolidar estes procesos de forma definitiva.